



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

ACORDO do 20 de maio do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Folgoso do Courel. Expediente IN407A 2024/88-ATE

Con data 11 de febreiro 2026 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada Regulamentación LMTA TTL811 en tramo entre apoios núm. 255 e núm. 257, no concello de Folgoso do Courel.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Folgoso do Courel deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 28 de maio de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 9 de maio de 2025, para que comparezan o día **8 de outubro do 2026 no concello de Folgoso do Courel** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Folgoso do Courel estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 20 de maio de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
1	9	525	Virta A	Monte alto	Monte veciñal de Millares	08/10/26	10:30

R. 1548

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO PLENARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 26 DE MAIO DO 2026 NO QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DE ARTIGOS DO AMU E CCU, RELATIVOS Á XORNADA DE TRABALLO (35 HORAS SEMANAIS).

Aprobada polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria do 26 de maio do 2026 a “Proposta de modificación de artigos AMU e CCU, relativos á xornada de traballo (35 horas semanais)” desta Deputación provincial, de acordo co establecido no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e tendo en conta que esta competencia debe ser exercida respectando á súa vez o establecido no artigo 37.1 m) do mesmo texto legal, que sinala como materias obxecto de negociación as referidas a calendario laboral, horarios xornadas e permisos, e as demais normas de aplicación, faise público o contido da mesma no seguinte sentido:

MODIFICACIÓN DE ARTIGOS ACORDO MARCO ÚNICO E CONVENIO COLECTIVO ÚNICO, RELATIVOS Á XORNADA DE TRABALLO (35 HORAS SEMANAIS).

“As Administracións Públicas son competentes para establecer a ordenación do tempo de traballo do persoal ao seu servizo, de acordo co establecido nos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP, en diante).

Esta competencia debe ser exercida respectando, á súa vez, establecer no artigo 37.1.m) do mesmo texto legal, que sinala como materias obxecto de negociación as referidas a calendario laboral, horarios, xornadas e permisos.

A xornada xeral de traballo no Sector Público quedou establecida na disposición adicional septuaxésima primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2012, fixando que a mesma non poderá ser inferior a trinta e sete horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual.

Pola súa banda, a redacción dada pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2023 á disposición adicional centésima cuadraxésima cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, no seu apartado Dous, superou definitivamente esta limitación, ao establecer que cada Administración Pública poderá establecer nos seus calendarios laborais, previa negociación colectiva, outras xornadas ordinarias de traballo distintas da establecida con carácter xeral, ou unha repartición anual da xornada en atención ás particularidades de cada función, tarefa e ámbito sectorial, atendendo en especial o tipo de xornada ou ás xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas, sempre e cando no exercicio orzamentario anterior cumprísense os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e a regra de gasto. O anterior non poderá afectar o cumprimento por cada Administración do obxectivo de que a temporalidade no emprego público non supere o 8% das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos.

Tras a eliminación das limitacións que recollía a Disposición Adicional Centésima Cuadraxésima Cuarta da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, habilitouse a cada Administración para establecer, previa negociación colectiva na Mesa ou Órgano que corresponda, unha xornada ordinaria de 35 horas semanais para o persoal ao seu servizo e ao do seu sector público institucional.

O 15 de abril de 2026 publicouse no BOE número 92 a Resolución do 14 de abril do 2026, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.

Esta proposta foi negociada o 30.04.2026 na MXN e adoptouse o acordo por unanimidade da representación sindical.

Tendo en conta o anterior proponse:

Primeiro: *Modificar a redacción dos artigos 17.1 e 2 do AMU e do 18.1 e 2 do CCU que quedan redactados co seguinte texto:*

“17.1 e 18.1: A xornada laboral xeral será de 35 horas semanais de traballo efectivo de promedio, en cómputo mensual. As xornadas especiais adecuaranse cuantitativamente ao mencionado cómputo.

A concreción anual da prestación do servizo realizarase no Calendario laboral que respectará o sinalado nas normas de carácter imperativo.

17.2 e 18.2: O horario laboral establecido con carácter xeral de luns a venres de sete e trinta minutos a vinte horas (7:30 a 20:00 horas) Dentro deste horario establécese un período de presenza obrigatoria, comprendido entre as nove e as catorce horas. O resto da xornada ata acadar, en cómputo mensual, a xornada laboral común establecida no apartado primeiro deste artigo, poderá realizarse entre as sete trinta e as vinte horas, de luns a venres, con carácter ordinario, podéndose estender ao sábado o domingo.

Neste último suposto, teranse sempre en conta as necesidades de funcionamento do servizo e o mellor aproveitamento do tempo de traballo. A opción horaria de cada traballador terá a conformidade do

correspondente Xefe de Servizo e do deputado delegado de cada Área. O Rexistro xeral que estará aberto ao público os días hábiles, así como aqueloutras dependencias onde iso sexa preciso. A atención será rotatoria e compensada mediante acordo coa Xunta de Persoal, oídos os traballadores afectados. Tamén será rotatoria e compensada a atención nos supostos de que parte da xornada semanal teña que realizarse en sábado ou domingo. A xornada dos traballadores que teñan atribuído no seu posto de traballo o complemento específico polo factor de incompatibilidade ou especial dedicación será de trinta e sete horas e media semanais, sen prexuízo do aumento de horario que excepcionalmente sexa preciso por necesidades do servizo. Todo o persoal funcionario e laboral da Entidade someterase ao control de presenza fichando a través dos sistemas autorizados e habilitados ao efecto.”

Segundo: Engadir o apartado 12 aos artigos 17 do AMU e 18 do CCU co seguinte teor literal:

“Poderán adoptarse como medidas de flexibilidade para a conciliación da vida familiar e laboral, no marco das necesidades do servizo, nos seguintes supostos:

A) *Os empregados ou empregadas públicos que teñan ao seu cargo persoas maiores, fillos ou fillas menores de 12 anos, persoas suxeitas a tutela ou acollemento menores de 12 anos ou persoas con discapacidade, así como quen teña ao seu cargo directo a familiares con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, terán dereito a flexibilizar nunha hora diaria o horario fixo de xornada que teñan establecido. Este dereito poderá exercerse tamén no ano en que o menor cumpra a idade de 12 anos.*

Así mesmo, terán ese dereito aquelas que teñan necesidades de coidado respecto de outras persoas dependentes cando, neste último caso, convivan no mesmo domicilio, e que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmos, debendo xustificar as circunstancias nas que fundamenta a súa petición.

B) *Os empregados ou empregadas públicos que teñan ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, poderán dispoñer de dúas horas de flexibilidade horaria diaria sobre o horario fixo que corresponda, a fin de conciliar os horarios dos centros educativos ordinarios de integración e de educación especial, dos centros de habilitación e rehabilitación, dos servizos sociais e centros ocupacionais, así como outros centros específicos onde a persoa con discapacidade reciba atención, cos horarios dos propios postos de traballo.*

C) *Cando as medidas de flexibilidade horaria recoñecidas nos dous apartados anteriores refíranse a descendentes ou persoas suxeitas a tutela ou acollemento menores de 12 anos, se houberse máis dun titular deste dereito polo mesmo suxeito causante, poderase instar o seu exercicio simultáneo. Non obstante, no caso de que ambos os proxenitores presten servizos no mesmo órgano ou entidade, poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.*

D) *Excepcionalmente, os órganos competentes en materia de recursos humanos poderán autorizar, con carácter persoal e temporal, a modificación do horario fixo nun máximo de dúas horas por motivos directamente relacionados coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e nos casos de familias monoparentais.”*

Terceiro: *Calquera referencia existente no AMU e CCU, así como acordos posteriores, no relativo a xornada semanal entenderase referida ás 35 horas”.*

Lugo, 11 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1577

Anuncio

ACORDO PLENARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 26 DE MAIO DO 2026 NO QUE SE APROBA A ADOPCIÓN DO ACORDO PARA A MODIFICACIÓN DA REGULACIÓN DAS ESPECIAIS CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CO FIN DE ADOPTAR A XORNADA EFECTIVA DO DITO PERSOAL EN RÉXIME DE HORARIO CONTINUADO.

Aprobada polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria do 26 de maio do 2026 a “Proposta de adopción do acordo para a modificación da regulación das especiais condicións de prestación do servizo do persoal do Parque Móbil, co fin de adoptar a xornada efectiva do dito persoal en réxime de horario continuado”, de acordo co establecido no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e tendo en conta que esta competencia debe ser exercida respectando á súa vez o establecido no artigo 37.1 m) do mesmo texto legal, que sinala como materias obxecto de negociación as referidas a calendario laboral, horarios xornadas e permisos, e as demais normas de aplicación, faise público o contido da mesma no seguinte sentido:

ADOPCIÓN DO ACORDO PARA A MODIFICACIÓN DA REGULACIÓN DAS ESPECIAIS CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CO FIN DE ADOPTAR A XORNADA EFECTIVA DO DITO PERSOAL EN RÉXIME DE HORARIO CONTINUADO.

“En uso das previsións que se contemplan nas Disposicións Adicionais Novena do AMU e Décima do CCU, sobre modificacións parciais dos respectivos textos articulados, reguladores das condicións de traballo do persoal funcionario e laboral; e das tamén recollidas en distintos artigos sobre as específicas e diferenciadas condicións

de prestación do servizo polo persoal adscrito ao Parque Móbil como consecuencia da itinerancia, xornada especial (partida) que se aparta da denominada xornada laboral común.

O persoal funcionario e laboral da Deputación Provincial de Lugo, adscritos ao Parque Móbil (Maquinista Conductor/a, Transportista, Operador Maquinista Varredora, Maquinista Conductor/a, Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais...) polas particulares características do seu traballo teñen que prestar os seus servizos en diversos puntos xeográficos da provincia de xeito habitual sendo móbil ou itinerante o lugar de prestación efectiva do debido tempo de traballo.

Os horarios de traballo por este persoal ate o de agora, desenvólvanse en horario partido, sen embargo dende a modificación do artigo 47 do TREBEP, que establece un mandato ás Administracións Públicas para que adopten medidas de flexibilización horaria para garantir a conciliación dos coidadores, veuse efectuando unha interpretación integradora e finalista destes preceptos, de conformidade co artigo 3.1 do Código Civil, que impón interpretar as normas conforme o seu espírito e finalidade.

Deste xeito, a finalidade desta organización é adoptar unha serie de medidas que apoiem a conciliación coa vida persoal e familiar é recoller devandito criterio interpretativo nesta proposta que ten por finalidade establecer o horario de xornada continuada (xeral ou común) para os traballadores do Parque Móbil, dado que é unha petición moi demandada por este colectivo.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, no cal refire que o pase a un horario de xornada continuada non supón risco efectivo para a saúde laboral, sempre que se teñan en conta os descansos que establece a normativa vixente nesta materia (15/30 minutos).

Tendo en conta o informe emitido polo Xefe de Servizo do Parque Móbil, Manuel Pillado Rego, no que non ve óbice ou obstáculo a esta modificación.

En consecuencia, e a fin de darlle maior cohesión á realidade actual, faise necesaria a aprobación dun novo acordo no que respecta á xornada do Parque Móbil que modifique o acordo plenario publicado no BOP nº 62 de 17 de marzo de 2015.

Esta proposta pretende integrar este colectivo o máxime posible (tendo en conta as súas peculiaridades), en lugar dunha exclusión de plano de certas novidades legislativas que se veñen aplicando con carácter xeral ao resto de traballadores desta Deputación.

En data 13 de maio de 2026 a Mesa Xeral de Negociación, acordou por unanimidade de todas as Centrais Sindicais a "modificación da regulación das especiais condicións de prestación do servizo do persoal do parque móbil, co fin de adoptar a xornada efectiva do dito persoal en réxime de horario continuado".

En consecuencia, proponse ao Pleno da Deputación provincial, órgano competente conforme determina o artigo 32.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e previo ditame da comisión informativa:

Primeiro: Modificar o punto primeiro do acordo plenario de vinte e cinco de novembro do 2014, publicado no BOP número 62 do 17 de marzo de 2015, coa seguinte redacción:

1º.- A xornada de traballo efectivo prestarase entre as 8:30 horas e as 15:30 horas de forma continuada. Por iniciativa da Xefatura de servizo, coa conformidade de Presidencia, en caso de ser necesario e motivado, poderá adoptarse unha flexibilización na entrada e saída de media hora, en momentos puntuais do ano, cando as condicións externas dificulten o correcto desenvolvemento dos traballos na hora de inicio acordada".

Lugo, 11 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1578

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria ordinaria do 03 de xuño do 2026 adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de créditos (na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de créditos), para a execución das actuacións contempladas nas memorias de Alcaldía incorporadas ó expediente, financiados con cargo a maiores ingresos e ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, polo importe total de sesenta mil setecentos dez euros con seis céntimos (60.710,06 euros). Na citada sesión plenaria acordouse tamén modificar as bases de execución do orzamento municipal incluíndo as subvencións nominativas contempladas na modificación orzamentaria citada.

De conformidade co disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente sométese ó trámite de información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Baleira, 8 de xuño de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1549

GUITIRIZ

Anuncio

Expediente 367/2026

Aprobado mediante acordo plenario do Concello de Guitiriz, na súa sesión do 28 de maio de 2026, o Plan económico financeiro para os anos 2026-2027 en cumprimento do disposto no artigo 23.4 da Lei 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se procede a súa publicación a efectos informativos para o seu xeral coñecemento, o cal estará a disposición das persoas interesadas nas oficinas do Concello de Guitiriz.

“PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2026-2027

1. INTRODUCCIÓN. FUNDAMENTOS DA PRESENTACIÓN DO PLAN.

O modificado artigo 135 da Constitución Española refírese o principio de Estabilidade Orzamentaria do seguinte xeito:

“1. Todas as Administracións Públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria.

(...) O volume de débeda pública do conxunto das Administracións Públicas en relación co produto interior bruto do Estado non poderá superar o valor de referencia establecido no Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

(...) 5. Unha lei orgánica desenvolverá os principios a que refírese este artigo, así como a participación, nos procedementos respectivos, dos órganos de coordinación institucional entre as Administracións Públicas en materia de política fiscal e financeira. En todo caso, regulará:

a) A distribución dos límites de déficit e de débeda entre as distintas Administracións Públicas, os supostos excepcionais de superación dos mesmos e a forma e prazo de corrección das desviacións que sobre un e outro puidesen producirse.

b) A metodoloxía e o procedemento para o cálculo do déficit estrutural.

c) A responsabilidade de cada Administración Pública en caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.

Do mandatos constitucional, resulta o seguinte:

A elaboración, aprobación, execución e liquidación dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das entidades locais someteránse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3,4,11,12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Entenderáse por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEOSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, debendo manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Igualmente, deberáse cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta lei, a normativa sobre morosidade e a normativa europea.

Finalmente avaliarase o cumprimento da Regra de Gasto, aos efectos de que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto a medio prazo da economía española, publicado polo Ministerio de Economía e Competitividade.

No artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, determina que “En caso de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, la Administración incumplidora formulará un Plan Económico - Financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto.

O decreto 2025-0158 de 28/02/2025 (expedte. 226/2025) aprobou a liquidación do orzamento municipal do ano 2025 poñendo de manifesta unha situación de inestabilidade orzamentaria, que inclúe o informe da intervención que conclúe que:

“A liquidación consolidada da entidade local, os seus organismos autónomos e os entes dependentes que prestan servizos ou producen bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, que se inclúen nos

Orzamentos Xerais do exercicio 2024 non cumpre cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, a Regra de Gasto, o obxectivo de límite de endebedamento e o período medio de pago”

O informe inclúe os seguintes resultados:

F.1.1.B1-Ajustes contemplados en el Informe de Evaluación para relacionar el saldo resultante de Ingresos y Gastos a final de ejercicio con la capacidad o necesidad de financiación calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.

	Concepto: Saldo no financiero antes de ajustes	Importe Liquidación 2025	-
a	Derechos reconocidos Capítulos 1 al 7	5.927.136,07	
b	Obligaciones reconocidas Capítulos 1 al 7	6.173.127,07	
c= a-b	Saldo no financiero antes de ajustes	-245.991,00	
Identif.	Concepto: Estimación de los ajustes a aplicar a los importes de ingresos y gastos	Importe Ajuste a aplicar	Observaciones
GR000	Ajuste por recaudación ingresos Capítulo 1	102.077,27	
GR000b	Ajuste por recaudación ingresos Capítulo 2	0,00	
GR000c	Ajuste por recaudación ingresos Capítulo 3	-4.964,91	
GR001	(+) Ajuste por liquidación PTE - 2008	0,00	
GR002	(+) Ajuste por liquidación PTE - 2009	0,00	
	(+/-) Ajuste por liquidación PTE ejercicios distintos a 2008 y 2009	0,00	
GR006	Intereses	0,00	
GR006b	Diferencias de cambio		
GR015	(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto		No aplicable en la Liquidación
GR009	Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local ⁽²⁾		
GR004	Ingresos por Ventas de Acciones (privatizaciones)		
GR003	Dividendos y Participación en beneficios		
GR016	Ingresos obtenidos del presupuesto de la Union Europea		
GR018	Operaciones de reintegro y ejecución de avales		
GR012	Aportaciones de Capital		
GR013	Asunción y cancelación de deudas		
GR014	Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar a presupuesto	31.688,88	
GR008	Adquisiciones con pago aplazado		
GR008a	Arrendamiento financiero	0,00	
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)		
GR010	Inversiones realizadas por la corporación local por cuenta de otra Administración Pública ⁽³⁾		
GR019	Prestamos		
GR020	Devoluciones de ingresos pendientes de aplicar a presupuesto	--190,84	

GR21	Consolidación de transferencias Con otras Administraciones Públicas		
GR099	Otros(1)	2,17	VARIACIÓN PAGOS PENDIENTES DE APLICACIÓN
d	Total de ajustes a Liquidación de la Entidad	122.636,35	
e=c+d	Saldo no Financiero después de ajustes SEC Capacidad (+) o Necesidad (-) de Financiación	-123.354,65	

ANEXO DE INFORMACIÓN PARA A APLICACIÓN DA REGRA DE GASTO.

Concepto	Liquidación Ejercicio 2024 (1)Obligaciones Reconocidas	Liquidación Ejercicio 2025 Obligaciones Reconocidas	Observaciones
Suma de los capítulos 1 a 7 de gastos (1) (EXCLUIDOS INTERESES)	6.289.641,45	6.173.127,07	
AJUSTES Calculo empleos no financieros según el SEC	-24.208,80	-31.686,71	
(-) Enajenación de terrenos y demás inversiones reales.			
<small>(+/-) Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local.(6)</small>			
(+/-) Ejecución de Avaluos.			
(+) Aportaciones de capital.			
(+/-) Asunción y cancelación de deudas.			
(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto.	-24.295,80	31.688,88	
(+/-) Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asociaciones público privadas.			
(+/-) Adquisiciones con pago aplazado.			
(+/-) Arrendamiento financiero.		0,00	
(+) Préstamos.			
(-) Mecanismo extraordinario de pago proveedores			
<small>(-) Inversiones realizadas por la Corporación local por cuenta de otra Administración Pública(7)</small>			
Otros (Especificar)(5)	87,00	2,17	VARIACIÓN PAGOS PENDIENTES DE APLICACIÓN
Empleos no financieros términos SEC excepto intereses de la deuda	6.265.432,65	6.147.440,36	

(-) Pagos por transferencias (y otras operaciones internas) a otras entidades que integran la Corporación Local (3)	0,00	0,00	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones públicas	-1.221.370,09	-605.322,65	
Union Europea		0,00	
Estado		-4.387,08	
Comunidad Autónoma		-368.953,65	
Diputaciones		-231.981,92	
Otras Administraciones Publicas	-2.533.424,35	0,00	
Gasto computable del ejercicio (sin descontar IFS)	4.466.191,03	5.044.062,62	

ANEXO F.3.2 INFORME DE EVALUACIÓN-RESULTADO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO CONCELLO DE GUITIRIZ.
Liquidación del ejercicio 2025

(en el caso de que la Entidad este sometida a Contabilidad Empresarial el Ingreso y Gasto no Financiero ya es directamente el computable a efectos del Sistema Europeo de Cuentas) - no aplican ajustes
(importes en €)

Entidad	Estabilidad Presupuestaria				Capac/Nec Financ. Entidad
	DRN/ORN a final del ejercicio		Ajuste S.Europeo Cuentas(2)		
	Ingreso No financiero1	Gasto No financiero1	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	
AYUNTAMIENTO DE	5.927.136,07	6.173.127,07	122.636,35		-
ORGANISMO AUTÓNOMO XXXXXX					123.354,65
ORGANISMO AUTÓNOMO YYYYYYY					
ORGANISMO AUTÓNOMO ZZZZZZ					
CORPORACIÓN LOCAL. TOTAL GRUPO ADMINISTRACIÓN PÚBLICA					- 123.354,65

ANEXO F3.3 INFORME DE CUMRIMENTO DA REGRA DE GASTO.
Liquidación del ejercicio 2025

(importes en €)

Entidad							Gasto computable Liquidación 2025 (GC2024 descontadas IFS) (6)
	Gasto computable Liq. 2024 sin IFS (1)	Gasto inversiones financieras sostenibles (2025) (11)	(2) =((1)-(11))*(1 + TRCPIB)	Aumentos/ disminuciones (art.12.4) Pto. Act. 2025(IncNorm2024)(3)	Gasto inversiones financieras sostenibles 2025 (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	
AYUNTAMIENTO DE	5.044.062,61	-	5.205.472,61	-	-	5.205.472,61	5.537.608,55
ORGANISMO AUTÓNOMO XXXX							
ORGANISMO AUTÓNOMO YYYYY							
ORGANISMO AUTÓNOMO ZZZZ							
Total de Gasto Computable ejercicio	5.044.062,61	-	5.205.472,61	-	-	5.205.472,61	5.537.608,55

Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2025" (GC2025) ⁽⁵⁾-

⁽⁶⁾.....332.135,94

% incremento gasto computable 2025 s/ 2024.....9,78 %

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN.

De conformidade co artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e o artigo 9 da Orde 2105/2012, de 1 de outubro, o Plan Económico Financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

- As causas do incumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto
- As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- A descrición, cuantificación e calendario de aplicación de medidas incluídas no Plan, sinalando as aplicacións orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios no que se contabilizarán.

- d. As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e. Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.
- f. As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación.
- g. A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra de gasto.
- h. A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesourería para gastos xerais.

O artigo 116 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, engade que por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, as corporacións locais incumplidoras formulen o seu Plan Económico- Financeiro de conformidade cos requisitos formais que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O apartado segundo de dito artigo dispón que adicionalmente ó previsto no artigo 21 da LOEOSF, o mencionado Plan incluíra ademais as seguintes medidas:

- a. A supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b. A xestión integrada e coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.
- c. O incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- d. Racionalización organizativa.
- e. A supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f. Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

A aprobación do Plan Económico- Financeiro é competencia do Pleno e será presentado ante este no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento. O prazo máximo para a aprobación do Plan en Pleno e de dous meses contados dende a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento, tal e como establece o artigo 23.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Ademais, remitirase para o seu coñecemento á Comisión Nacional da Administración Local e daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da Entidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade aos plans económico financeiros, e á adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.

1. SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNÓSTICO ECONÓMICO-FINANCIERO

A. Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos

Para levar a cabo o estudo da estrutura económica deste Concello analízanse os datos de liquidación dos 3 exercicios económicos anteriores, que son 2022, 2023 e 2024, xa que a análise dos tres últimos anos permite obter a información necesaria para determinar, no seu caso, as causas que levaron ao incumprimento da variable da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

A.1 INGRESOS.

A.1.1 Totais.

Cap	Denominación	Liquidación 2023	Liquidación 2024	Liquidación 2025
		Valor	Valor	Valor
1	Impostos directos	1.125.779,09	1.258.122,15	1.577.772,35
2	Impostos indirectos	53.835,19	47.261,38	38.973,64
3	Taxas, prezos publicos e outros	657.082,04	816.474,64	784.284,77
4	Transferencias correntes	2.272.920,53	2.664.916,16	2.799.859,53

6	Inversións reais			2.095,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital			1.259.289,78	874.317,02	746.245,78
8	Activos financeiros			2.779,22	2.203,55	3.217,23
9	Pasivos financeiros			0,00	115.547,90	19.062,49
	TOTAIS			5.373.810,85	5.778.842,80	5.949.415,79

Dos datos anteriores se observa un aumento dos dereitos recoñecidos no último ano 2024, no capítulo 1 e 3.

O total de recursos liquidados deste Concello, que no último ano liquidado 2025 situouse en 5.949.415,79 euros, experimentou un aumento de 170.572,99 euros respecto do ano 2024 ao longo do período obxecto de análise, acumulando un 9 por 100.

O capítulo de ingresos máis importante é o capítulo 4 pois representa o 47% do total de ingresos do municipio. O que pon de manifesto a dependencia desta entidade local coas subvencións ou axudas doutras administracións públicas para o financiamento de gasto corrente.

A.1.2 Capítulos económicos máis representativos.

A cifra de ingresos foi variando ao longo dos anos dende o 2023 aumentando, pasando dos 5.373.810,85 euros no ano 2023 ata os 5949.415,79 euros no ano 2025. O maior aumento no ano 2025 respecto do ano 2023, en termos porcentuais foi no capítulo 1 e 3, consecuencia da nova implementación do programa informático de recadación e dun maior control da aprobación dos padróns fiscal e dos recibos non aboados.

A.1 GASTOS.

A.2.1 Totais.

Cap	Denominación			Liquidación 2023	Liquidación 2024	Liquidación 2025
				Valor	Valor	Valor
1	Gastos de persoal			2.575.514,95	2.702.257,83	2.669.381,75
2	Compra de bens e servizos			2.018.679,12	2.006.123,62	2.190.702,02
3	Gastos financeiros			186,00	3.916,02	7.549,78
4	Transferencias correntes			43.602,80	87.607,74	38.983,09
6	Investimentos reais			1.271.895,55	1.432.419,71	930.960,31
7	Transferencias de capital			13.957,04	56.811,67	2.050,64
8	Activos financeiros			3.000,00	3.000,00	6.000,00
9	Pasivos financeiros			0,00	0,00	10.591,30
	TOTAIS			5.926.835,46	6.293.437,34	6.189.718,37

Considerando que a maioría dos servizos públicos se xestiona de maneira directa, os maiores gastos son no capítulo 1 de gastos de persoal, que representan o 43 % do total dos gastos, do ano 2025,. No que debemos ter un conta que o 2,5 % é debido a subida salarial do persoal funcionario e laboral por aplicación da normativa e a subida do salario mínimo interprofesional, pero tamén polas contratacións temporais que se levaron a aprobaron para a prestación dos servizos.

Hai un aumento no ano 2024 no capítulo 3 debido a implantación do novo sistema normalizado de recadación a traves de ficheiros polo gastos que nos cobra a entidade financeira.

Hai tamén un aumento no capítulo 7 polas aportación municipais ao convenio coa confederación hidrográfica e o convenio coa Deputación provincial e Lugo pola obra da casa da Botica no ano 2024.

A.2.2 Capítulos económicos máis representativos.

O grado de execución do orzamento de gastos, que compara as obrigas recoñecidas netas da liquidación do orzamento cos créditos definitivos que se orzamentaron en dito exercicio, son os seguintes:

	2023	2024	2025
Denominación			
Obrigas recoñecidas netas	5.926.835,46	6.293.437,34	6.189.718,37
Créditos iniciais	5.090.285,43	5.529.431,97	5.511.441,60
%ORN/CI	116,43 %	113,82 €	112,31 €

Nos tres últimos anos se observa un grado de execución por encima do inicialmente orzamentado.

B. Análise das principais variables financeiras

Para completar o estudo da estrutura económica deste Concello analízase a evolución das principais variables financeiras nos 3 últimos exercicios liquidados, 2023,2024 e 2025.

B.1 Remanente de Tesourería

		LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024		LIQUIDACIÓN 2025	
Remanente de tesourería abreviado		Valor	Valor	Variación	Valor	Variación
+	Debedores pendentes de cobranza	1.042.012,09	864.769,04		771.193,51	
	+ Do orzamento corrente	164.582,60	24.736,06		15.581,94	
	+ De orzamentos pechados	873.759,46	838.222,86		750.264,62	
	+ Doutras operacións non orzamentarias	3.670,03	1.810,12		5.346,95	
	- Ingresos realizados pendentes de aplicación definitiva	173.913,37	172.871,44		172.898,97	
-	Acredores pendentes de pago					
	+ Do orzamento corrente	45.573,29	277.062,94		333.559,68	
	+ De orzamentos pechados	0,00	0,00		0,00	
	+ Doutras operacións non orzamentarias	189.129,08	212.055,23		214.122,86	
	- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	167.175,55	167.262,55		167.260,38	
+	Fondos líquidos de Tesourería	699.832,11	615.780,90		527.657,83	
=	REMANENTE DE TESOURERÍA					
-	Saldo de dubidosa cobranza	670.750,78	632.352,69		624.504,54	
-	Exceso de financiamento afectado	70.036,06	108.443,28		44.073,90	
=	REMANENTE PARA GASTOS XERAIS	759.617,17	245.026,91		76.951,87	

O Remanente de Tesourería é un indicador da liquidez da entidade. Cando mostra valores positivos é un excedente financeiro acumulado dispoñible para financiar gastos de exercicios futuros.

O pendente de cobranza de corrente diminúe a partir do ano 2023 por cambio no sistema de contabilizado dos tributos xestionados polo servizo provincial de recadación, xa que se contabiliza polo criterio de caixa, e non pola totalidade do padrón fiscal xa que o mesmo non é aprobado por esta entidade local.

O pendente de cobranza de pechado aumenta, xa que se debería regularizar a situación desas cantidade pendentes de cobro para ver se as mesmas foron xestionadas en canto o procedemento executivo e ver a situación dos mesmos, co servizo provincial de recadación, xa que é posible que consiste como pendente de cobro, cantidades que realmente non estean nesa situación.

B.2 Aforro Neto

AFORRO NETO	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024	LIQUIDACIÓN 2025
ING I a V/V	4.111.741,85	4.786.774,33	5.180.890,29
GTOS I, II/II, IV/IV	3.830.979,47	4.476.461,49	4.951.053,68
ANUALIDADE TEÓRICA	0,00	24.567,94	24.567,94
	260.762,38	285.661,28	205.268,67

B.3 Carga Financeira. Ano 2025

<u>PORCENTAXE DE ENDEBEDAMENTO</u>	
Capital Vivo (segundo datos contables)	0,00€
Ingresos correntes liquidados en 2025	4.786.774,33€
ENDEUDAMENTO LOCAL	0,00%
Se consideramos a operación concertada	276.514,08
ENDEUDAMENTO LOCAL	9,92%

A carga financeira do Municipio sitúase en 276.514,08 € se consideramos o importe total da operación concertada no ano 2023, un 9,92% dos ingresos correntes, por debaixo do límite legal do 25% dos ingresos correntes.

B.5 Estabilidade Orzamentaria

Analizada a conta xeral das últimas tres liquidacións, calculando o aforro bruto, o déficit/ superávit corrente, o déficit/superávit de capital e o resultado total é o seguinte:

Cap.	Denominación	Liquidación		
		2023	2024	2025
1	Impostos directos	1.125.779,09	1.258.122,15	1.577.772,35
2	Impostos indirectos	53.835,19	47.261,38	38.973,64
3	Taxas e outros ingresos	657.082,04	816.474,64	784.284,77
4	Transferencias correntes	2.272.950,53	2.664.916,16	2.799.859,33
5	Ingresos patrimoniais	0,00	0,00	0,00
A	Total ingresos correntes	4.109.646,85	4.786.774,33	5.200.890,09
1	Gastos de persoal	2.575.514,95	2.702.257,83	2.669.381,75
2	Gastos en bens correntes	2.018.679,12	2.006.123,62	2.475.193,70
3	Gastos financeiros	186,00	3.916,02	7.549,78
4	Transferencias correntes	43.602,80	88.908,49	43.583,89
B	Total gastos correntes	4.637.982,87	4.801.205,96	5.195.709,12
C=A-B	AFORRO BRUTO	- 528.336,02	-14.431,63	5.180,97
D	Pasivos financeiros (cap.9)	0,00	0,00	10.591,30
E= C-D	SUPERAVIT/DEFICIT COORRENTE	-528.336,02	-14.431,63	-5.410,33
6	Enaxenación de inversións	2.095,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	1.259.289,78	874.317,02	746.245,78
F	Ingresos de capital non financeiros	1.261.384,78	874.317,02	746.245,78
6	Inversións reais	1.271.895,55	1.432.419,71	1.217.352,50

7	Transferencias de capital	13.957,04	56.811,67	2.050,64
G	Gastos de capital non financeiros	1.285.852,59	1.489.231,38	1.219.403,14
H=F-G	CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACION	-24.467,81	-614.914,36	-473.157,36
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	19.062,49
8	Variacion de activos financeiros	-220,78	3.000,00	3.217,23
I= H+9+8	SUPERVAIT/DEFICIT EN CAPITAL	-24.688,59	-611.914,36	-450.877,64
E+I	SUPERAVIT/DEFICIT TOTAL	-533.024,61	-510.798,09	-456.287,97

O informe da intervención municipal sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria con ocasión do Decreto de aprobación da liquidación do orzamento do ano 2025, tras realizar os axuste necesarios debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, presenta o seguinte resume:

CONCEPTOS	IMPORTE
a) Dereitos recoñecidos capítulos I a VII orzamento corrente	5.927.136,07
b) Obrigas recoñecidas capítulos I a VII orzamento corrente	6.173.127,07
c) TOTAL (a - b)	-245.991,00
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	102.077,27
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	-4.964,91
4) Axuste por liquidación PIE en 2020.	
5) Axuste por liquidación PIE exercicios distintos a 2008 e 2009	
6) Axuste por devindicación de xuros	
7) Axuste por arrendamento financeiro	
8) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamentos	a. 31.688,88
9) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento	-190,84
10) Axuste consolidación transferencias con outras Administracións Públicas	0,00
11) Outros. Variación pagos pendentes de aplicar	2,17
d) Total axustes a liquidación 2025	122.636,35
e) Axuste por operacións internas	
f) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO(c - d)	-123.354,65

B.6 Regra de Gasto

Do citado informe da intervención se resume o seguinte

Liquidación del ejercicio 2025

Entidad	Gasto computable Liq. 2024 4sin IFS (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2023) (11)	(2) =((1)-(11))*(1 + TRCPIB)	Aumentos/ disminuciones (art.12.4) Pto. Act. 2024 (IncNorm2024)(3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles 2023 (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2025 (GC2024 descontadas IFS) (6)
AYUNTAMIENTO DE	5.044.062,61	-	5.205.472,61	-	-	5.205.472,61	5.537.608,55
ORGANISMO AUTÓNOMO XXXX							
ORGANISMO AUTÓNOMO YYYY							
ORGANISMO AUTÓNOMO ZZZZ							
Total de Gasto Computable ejercicio	5.044.062,61	-	5.205.472,61	-	-	5.205.472,61	5.537.608,55

Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2025" (GC2025) ⁽⁵⁾-

⁽⁶⁾ -332.135,94

% incremento gasto computable 2025 s/ 2024 9,78 %

1. Causas do incumprimento:

A) Da análise da información anterior desprendese que as causas que leva a este concello a incumplir a estabilidade orzamentaria e a regra de gastos, é un incremento do gastos público nalgúns dos capítulos de gastos, sobre todo en gastos en bens correntes e servizos e en inversión reais, e o incumprimento da execución nalgúns capítulos de ingresos.

En relación as previsión de ingresos, hai una diferencia entre os ingreso recoñecidos e as previsións iniciais e definitivas que é de 1.465.683,80 euros, de eses 239.106,26 son do capítulo 8 polas modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesoureira. Polo que a diferencia é de 1.226.577,54 euros. Dos ingresos correntes hai un desfase entre o orzamentado definitivamente é o recoñecido de 571.411,76 euros, o resto 555.165,74 euros.

En relación aos gastos, hai un diferencia entre a consignación e os gastos recoñecidos en 1.225.381,18 euros. Se consideramos a diferencia cos ingresos entre excesos/déficit entre consignación e recoñemento temos que hai 1.465.683,76 euros.

Unha das causas do incumprimento da estabilidade orzamentaria obedece a tramitación das seguintes modificacións orzamentarias que tiveron lugar no ano 2025 por un total de 239.106,26 euros financiados con Remanente de tesouraría. O remanente de tesouraría é un indicador da liquidez dunha administración na medida en que recolle os recursos certos que, tras liquidar o orzamento, quedan libres para cubrir a actividade ordinaria da administración (parte no afectada do remanente) ou ben determinadas inversións para as que xa existen recursos (parte afectada do remanente).

A utilización do remanente de tesouraría por unha entidade local no cabe admitir que sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, debería de identificarse cunha situación de superávit no momento da liquidación do orzamento.

O remanente de tesouraría se configura como un ingreso financeiro que o seu uso esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo á financiación do fin imposto pola norma con rango de lei, de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente ao incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, e posiblemente e o límite fixado pola regra de gasto.

Por outra parte, se asume por esta entidade local un aumento do capítulo 2 de bens correntes e servizos, debido a necesidade de manter os servizos públicos básicos que regula o artigo 26 da Lei de bases de réxime local, que nalgúns casos non é suficiente coa financiación externa que se recibe e hai un aumento dos gastos financiados con recursos propios.

4.1 PREVISIONES TENDENCIAIS DE INGRESOS E GASTO BAIXO O SUPOSTO DE QUE NON SE PRODUCEN CMABIOS EN POLICITICAS FISCAIS E DE GASTOS.

As previsións tendenciais de ingresos netos como de obrigas recoñecidas tanto do exercicio anterior, como do presente e do próximo, son as que se expoñen a continuación:

CAPITULO	INGRESOS	LIQUIDIACION 2025	PREVISION DRN 2026	PREVISION DRN 2027
1	Imposto directos	1.557.772,35	1.800.000,00	1.850.000,00
2	Impostos indirectos	38.973,64	100.000,00	100.000,00
3	Taxas, prezos publicos e outros ingresos	784.284,77	1.000.000,00	1.200.000,00
4	Transferencias correntes	2.799.859,53	2.850.000,00	2.875.000,00
7	Transferencias de capital	746.245,78	600.000,00	650.000,00
8	Activos financeiros	3.217,23	3.000,00	3.000,00
9	Pasivos financeiros	19.062,49	53.000,00	0,00
	TOTAIS	5.949.415,79	6.406.000,00	6.678.000,00

CAPITULO	gastos	LIQUIDIACION 2025	PREVISION DRN 2026	PREVISION DRN 2027
1	Gastos de persoal	2.669.381,75	2.700.000,00	2.790.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.190.702,02	2.500.000,00	2.600.000,00
3	Gastos financeiros	7.549,78	7.000,00	10.000,00
4	Transferencias correntes	45.583,89	80.000,00	82.000,00
6	Inversións reais	975.367,31	1.000.000,00	1.000.000,00
7	Transferencias de capital	2.050,64	70.000,00	2.000,00
8	Activos financeiros	6.000,00	3.000,00	3.000,00
9	Pasivos financeiros	10.591,30	22.000,00	25.000,00
	TOTAIS	6.189.718,37	6.382.000,00	6.566.000,00

1.2 CARACTER CONXUCTURAL DO INCUMPRIMENTO E DOCTRINA DA IGAE.

A orixe do incumprimento vincúlase, por tanto, á utilización do remanente de tesourería —tanto afectado como para gastos xerais— para financiar gastos non financeiros, no marco da normativa de facendas locais que impón a incorporación obrigatoria de determinados remanentes de crédito. Esta situación encaixa coa descrita pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) na súa resposta do 17 de maio de 2013 a unha consulta de COSITAL, en relación cos efectos da utilización do remanente de tesourería afectado sobre a estabilidade orzamentaria e a Regra de Gasto.

“PREGUNTA: De acordo coa descrición que se fai na guía deste axuste, pode exporse

o feito de que unha entidade que obtivese ingresos pola venda de terreos en 2012 por importe elevado, e que non executou todos os créditos, cuxos remanentes deben incorporarse obrigatoriamente a 2013 pola normativa de facendas locais, vexa axustados os seus empregos financeiros de maneira que o seu orzamento de 2013 non poida absorber nin sequera os gastos comprometidos derivados de contratos en vigor nin os gastos de persoal sen incumplir a regra de gasto.

Cal sería o contido do Plan Económico- Financeiro a aprobar, que medidas debería conter?

RESPOSTA IGAE: Achégolle a resposta da Secretaria Xeral de Coordinación Autonómica e Local:

[...] O remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un

incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, o límite fixado pola regra de gasto. [...]

O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfaseamento entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigacións recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigacións de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo.

En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento.

Sentada a natureza do remanente de tesourería afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita.

A primeira consideración sobre as medidas para aprobar parte da imposibilidade de admitirse, como medida do plan para corrixir o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a non utilización do remanente de tesourería de carácter afectado pola xa citada obrigación legal da súa utilización. Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería afectado lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración Local.

Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida”.

Na devandita resposta sinálase que o remanente de tesourería, aínda configurándose contablemente como un activo financeiro, responde á natureza de aforro xerado pola entidade local que debe destinarse a financiar obrigacións de exercicios posteriores, de forma que a súa utilización non pode considerarse determinante dun déficit estrutural, senón manifestación dun superávit no momento da liquidación. Así mesmo, a IGAE conclúe que a recuperación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da Regra de Gasto, cando se incumpriron pola utilización de remanente de tesourería afectado, pode lograrse mediante a simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medidas estruturais adicionais.

En coherencia coa devandita doutrina, este Concello entende que o incumprimento da Regra de Gasto no exercicio 2025 mantén un carácter estritamente conxuntural, asociado á utilización do remanente de tesourería para financiar determinados investimentos e gastos non financeiros, e non obedece a un desequilibrio permanente dos ingresos e gastos ordinarios da entidade

2. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORREXIR A SITUACIÓN.

O obxectivo do presente Plan Económico-Financeiro é garantir que, nos exercicios 2026 e 2027, os empregos non financeiros derivados da execución orzamentaria mantéñanse dentro dos límites derivados da Regra de Gasto, asegurando simultaneamente o cumprimento da estabilidade orzamentaria, a sustentabilidade financeira e o período medio de pago a provedores. Para ese efecto, articúlense as seguintes medidas, de carácter principalmente preventivo e procedemental, coherentes co carácter conxuntural do incumprimento:

MEDIDA 1. Aprobación dos orzamentos xerais do ano 2026 e 2027 en equilibrio e dentro dos límites da regra de gasto.

Os Orzamentos Xerais do Concello para os exercicios 2026 e 2027 formularanse e aprobarán en situación de equilibrio ou superávit en termos de estabilidade orzamentaria, e de forma que o gasto computable resultante non supere o límite derivado da taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo aprobada para cada exercicio. Para estes efectos, se verificará na fase de elaboración do orzamento, verificando a estabilidade, a sustentabilidade e o cumprimento da Regra de Gasto antes da súa aprobación inicial.

O orzamento xeral do ano 2026, ten unha consignación inicial de 5.836.865,11 , que supón unha diminución respecto as obrigas recoñecidas que consta na liquidación do orzamento do ano 2025, que foron de 6.189.718,37. Considerando as posibles modificación do orzamento, poderíase considerar segundo se manifesta anteriormente, que as obrigas recoñecidas ao final do ano 2026, serán de 6.382.000,00, o que supón un incremento de 3.10 &%g

Considerando que a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo aplicable para a regra de gastos para o ano 2026, é de 3,5% estaríamos dentro do límite de variación de gasto computable segundo o acordo do Consello de ministros.

MEDIDA 2 Medida 2. Control e limitación do uso do Remanente de Tesourería e das modificacións de crédito financiadas con remanentes.

Durante a vixencia do presente Plan (exercicios 2026 e 2027), o Concello comprométese a non tramitar modificacións de crédito que supoñan a utilización do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RTGG) máis aló do límite compatible co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto.

Así mesmo, co fin de garantir a consolidación orzamentaria e o control do gasto computable, aplicarase o criterio xeral de non destinar as economías de gasto que se produzan na execución orzamentaria de gastos corrente á financiamento de novos gastos nin a modificacións de crédito que incrementen outros créditos orzamentarios. Para estes efectos, entenderase por economías de gasto a diferenza positiva entre os créditos inicialmente autorizados e as obrigacións efectivamente recoñecidas, debendo permanecer como aforro orzamentario e contribuír á mellora dos obxectivos fiscais.

Igualmente, as incorporacións de remanentes de crédito e as demais modificacións de crédito financiadas con remanente de tesourería afectado estarán suxeitas a un control reforzado, requirindo en todo caso informe previo de Intervención no que se cuantifique expresamente o seu impacto sobre a Regra de Gasto e a estabilidade orzamentaria.

Medida 3. Conxelación do gasto do capítulo 4 (Transferencias correntes).

Co fin de contribuír ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, a Corporación comprométese a manter conxelado, durante os exercicios de vixencia do Plan Económico-Financeiro, o nivel de gasto do capítulo 4 "Transferencias correntes". Así mesmo, durante a vixencia do Plan Económico Financeiro non se incrementará o importe global das subvencións de carácter nominativo respecto ás do último exercicio liquidado, nin se crearán novas subvencións nominativas que supoñan un aumento do gasto computable, sen prexuízo de que, excepcionalmente, poidan reordenarse as existentes sempre que iso non implique incremento do volume total de subvencións nominativas.

Medida 4. Seguimento da execución de investimentos do capítulo 6 para asegurar o cumprimento de regras fiscais.

Dado o elevado número de proxectos pendentes de execución financiados con financiación afectada farase un especial seguimento das obrigacións e pagos dos investimentos integrantes do capítulo 6 "Investimentos reais" co obxecto de respectar e cumprir estritamente os límites da regra de gasto e o obxectivo de estabilidade.

Elaborarase se fose necesario un calendario de planificación na execución das mesmas: Priorización de investimentos limitando aquelas que non sexan esenciais para o funcionamento do municipio.

Medida 5. Seguimento periódico do cumprimento das regras fiscais

Realizarase un seguimento trimestral da execución orzamentaria, sobre a evolución dos principais indicadores: capacidade/necesidade de financiamento, estimación de gasto computable a efectos de Regra de Gasto, débeda viva e período medio de pago a provedores.

En caso de detectarse desviacións significativas respecto ás previsións do Plan, propoñeranse as medidas correctoras necesarias (contención do gasto discrecional, limitación de novas modificacións de crédito, reprogramación de investimentos, etc).

CONCLUSIONS

O incumprimento da estabilidade orzamentaria no exercicio 2025 non presenta un carácter estrutural, senón conxuntural, derivado da utilización do Remanente de tesourería para financiar determinados gastos non financeiros. Da cordo coa doutrina da IAGE sobre o tratamento de remanente de tesourería na administración local, a recuperación do cumprimento das regras fiscais pode articularse median a aprobación dos orzamentos dos exercicios seguintes en equilibrio e dentro do límite das regra de gasto, sen necesidade de medias de axuste estruturais adicionais.

O incumprimento da regra de gasto, considerando o orzamento xeral aprobado para o ano 2026 no Concello de Guitiriz, que foi de 5.836.865,11 euros, e a previsión de obrigas recoñecidas que se inclúe no presente plan (6.382.000,00) , como consecuencia das posibles modificacións no orzamento, poderíamos considerar que se poderá cumprir a 31/12/202, xa que partiremos dun gasto computable no ano 2025 de 5.537.608,55 ao que se lle aplica o índice de crecemento do ano 2026, que é de 3,5 % non se debería superar o gasto de computable de 5.731.424,85 que entra das previsións e medidas do presente plan.

Coas previsións para o ano 2026 e 2027 e as medidas descritas no presente plan, o Concello acreditará o cumprimento no ano en curso e no seguinte, a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto, a sostenibilidade financeira e o período de medio de pago, nos termos exixidos no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

O presente plan terá que ser aprobado polo Pleno da Corporación e remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas e publicarse, a efectos meramente informativos, no boletín oficial da provincia. "

Guitiriz, 8 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1550

Anuncio

Modificación inventario municipal de camiños. Expte. 341/2020

Por acordo do Pleno Municipal adoptado en sesión ordinaria de data 28 de maio de 2026 aprobouse proceder a modificación do trazado do camiño nº 03_103 (referencia catastral 27022A20809002-27022A20909004).

O expediente queda sometido a información pública polo prazo de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte o da súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes.

De non presentarse alegacións, reclamacións ou suxestións durante o prazo mencionado entenderase definitivamente aprobado sen necesidade dun novo acordo plenario.

Guitiriz, 8 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1551

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0105 de data do 03.06.2026, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de maio de 2026 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 96,34€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 296,65€.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 3 de xuño de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1553

RIOTORTO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado os expedientes de modificación de crédito MC 10/2026 na modalidades de suplemento de crédito de importe de 34.500 euros, de acordo co establecido no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.3 do RD 500/1990, de 20 de abril, faise público o resumo por capítulos do orzamento de gastos, que definitivamente queda como segue:

Cap. 1 Gastos de persoal	1.025.573,13 euros
Cap. 2 Gastos correntes en bens e servizos	612.023,81 “
Cap. 3 Gastos financeiros	2.200,00 “
Cap. 4 Transferencias correntes	64.600,00 “
Cap. 6 Inversións reais	1.554.438,25 “
Cap. 9 Pasivos financeiros	40.000,00 “
Total.....	3.298.835,19 euros

Riotorto, 8 de xuño de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1554

Anuncio

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 05 de xuño de 2026 acordou a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso e utilización da pista de pádel municipal do Concello de Riotorto.

A citada ordenanza, o referido acordo e o resto do expediente expónse ao público na Secretaría deste Concello e na sede electrónica (<https://riotorto.sedelectronica.gal/>) polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no Taboleiro de Anuncios para a presentación de reclamacións e suxerencias, dándose audiencia aos interesados no citado prazo.

As reclamacións deberán de presentarse no Concello nas formas legalmente establecidas e irán dirixidas ao Sr. Alcalde, e serán resoltas no seu caso polo Pleno. De non producirse reclamacións o acordo provisional entenderase elevado a definitivo e a ordenanza considerárase definitivamente aprobada.

Riotorto, 8 de xuño de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1555

SOBER*Anuncio*

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 (B.3.-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO), E DACORDO COA SEGUINTE RELACIÓN:

1 POSTO DE MONITOR-A MULTIDISCIPLINAR DEPORTES, 6 MESES, 50 % DE XORNADA, COA TITULACIÓN DE TÉCNICO-A SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS OU EQUIVALENTE.

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 04/06/2026, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección de un traballador-a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2026 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 4 de xuño de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1556

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 9 de xuño de 2026, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes de maio de 2026.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 9 de xuño de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1557

TABOADA

Anuncio

Por Resolución de alcaldía de data 9 de xuño de 2026, unha vez concluído o procedemento selectivo, efectúouse o nomeamento de:

Ferreiro Ferreiro Encarnación con dni: ***4611** como Personal Laboral Fixo do Concello de Taboada.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Taboada, 9 de xuño de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1558

XOVE

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei das facendas locais), expónse ó público, durante o prazo de 30 días hábiles, a " Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas e o sometemento ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable en materia de actividades no concello de Xove", que se aprobou inicialmente polo Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 01/06/2026, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa publicación, os interesados poidan examinar o expediente no concello de Xove e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Xove, 2 de xuño de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1559
